

ANUNCIO

Faise público que transcurrido o prazo de información pública de 30 días hábiles relativo a aprobación inicial mediante plenario de data 9 de maio de 2005 do “Regulamento Especial de Honras e Distincións do Excmo. Concello de Ribadeo” sen presentarse reclamacións ou alegacións, dito acordo quedou elevado a definitivo.

O texto definitivo do Regulamento aprobado é o seguinte:

REGULAMENTO ESPECIAL DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

Exposición de Motivos

O Concello de Ribadeo dispón dun Regulamento de Honras e Distincións do ano 1958 que foi obxecto de modificación no ano 1983, e que veu rexindo ata o de agora, considerándose precisa a súa modificación para responder ó espírito dos tempos e ó proceso que se ten desenvolvido dende eses anos, introducindo tanto a lingua galega como a igualdade entre o home e a muller e a nova figura de “Cronista Oficial” que en Ribadeo como Vila histórica ten unha específica relevancia, e que non se tiña contemplado.

Polo tanto estímase preciso dispor dunha regulación dentro do ámbito de competencia da Entidade local que permita o recoñecemento e o premio de servicios extraordinarios para o municipio levados a cabo por persoas físicas ou xurídicas de tal xeito que se recoñezan os méritos de maneira pública destacando as conductas merecedoras de dito recoñecemento público sobre todo fundado en valores como a tolerancia, a liberdade e o amor a esta terra.

Os títulos e distincións concedidos polo Concello teñen un carácter soamente honorífico e polo tanto non teñen unha compensación económica ou de calquera outro medio.

CAPITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Fundamento legal e natureza.

A aprobación deste Regulamento basease nos artigos 4 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladoras das Bases de Réxime Local e dos artigos 50.3, 24 e 189 a 191 do RD 2568/1986, de 26 de novembro aprobatorio do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das E.Locais que establece que as mesmas poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servicios extraordinarios previo-los trámites establecidos neste Regulamento.

Artigo 2. Obxecto.

A concesión de títulos, honores e condecoracións que poidan ser outorgados polo Concello de Ribadeo a fin de premiar ou recoñecer as actuacións que poidan ser merecedoras das mesmas serán as seguintes:

1. Nomeamento de Fillo/a predilecto/a Municipio.
2. Nomeamento de Fillo/a adoptivo/a do Municipio.
3. Nomeamento de Alcalde/Alcaldes honorario/a do Municipio.
4. Nomeamento de Concelleiro/a honorario do Municipio.
5. Medalla do Concello nas categorías de ouro, prata e bronce.
6. Cronista Oficial de Ribadeo
7. Garabata de honra do Concello para bandeiras ou estandartes.

Artigo 3. Dos nomeamentos.

Os nomeamentos poderán recaer en persoas físicas ou xurídicas tanto nacionais como estranxeiras e terán carácter honorífico e non outorgarán en ningún caso potestades para intervir na vida administrativa nin no goberno do municipio pero habilitarán para o desenvolvemento de funcións representativas cando estas se exerzan pola da demarcación territorial previa designación especial da Alcaldía. A concesión de distincións e honras faranse en todo caso de xeito discrecional polo Concello.

Coa única excepción do Rei e de membros da familia real ningunha das precedentes distincións e honras poderán ser outorgadas a persoas que desempeñen altos cargos na Administración durante o exercicio de ditos cargos.

Para conceder-las honras e distincións a persoas estranxeiras terase en conta o sinalado no artigo 190 do R.Decreto 2568/1986, de 28 de novembro de aprobación do R.O.F. e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

CAPITULO II. DOS TÍTULOS DE FILLO / A PREDILECTO/A E DE FILLO/A ADOPTIVO/A.

Artigo 4. Título de Fillo/a predilecto/a.

O nomeamento de fillo ou filla predilecta unicamente poderá recaer en persoas físicas que houberan nacido no municipio e amosaran cualidades e circunstancias singulares relevantes para a localidade que xustifiquen a concesión.

Artigo 5. Título de Fillo/a adoptivo/a.

O nomeamento de fillo/a adoptivo/a que recaerá en persoa física terá a mesma consideración e xerarquía que o título de fillo/a predilecto/a, coa única diferenza de que se conferirá a persoas que non teñan nacido no municipio pero que nembargantes teñan un vencello moi especial co mesmo e reúnan as condicións sinaladas no artigo anterior.

Artigo 6. Concesión a título póstumo.

Os títulos anteriores poderán concederse a título póstumo nos supostos en que na persoa falecida concorren os requisitos anteriormente enumerados.

Artigo 7. Duración dos títulos.

Os títulos de fillo/a adoptivo/a e de fillo/a predilecto/a terán carácter vitalicio e unha vez outorgados cinco de cada un deles non poderán conferirse outros mentres vivan as persoas favorecidas agás que se trate dun caso moi excepcional no que haberá de declarase esa excepcionalidade previamente en sesión plenaria e por unanimidade dos Concelleiros asistentes á mesma.

Artigo 8. Revogación dos títulos.

Aquela persoa que posúa a distinción de fillo/a predilecto/a ou adoptivo/a so poderá ser privada da mesma a en consecuencia revogado o nomeamento, cando concorran causas excepcionais motivadas por comportamentos indignos que deberán quedar acreditados en expediente instruído ó efecto.

O acordo que desposúa dos títulos mencionados deberá ser adoptado seguindo o mesmo procedemento e coa mesma maioría que para o seu outorgamento.

Artigo 9. Entrega de títulos.

Unha vez que estea acordada a concesión dos títulos anteriores sinalarase a data para a entrega dos mesmos que consistirá nos diplomas e insignias que corresponden a cada un dos títulos.

Os diplomas de fillo/a predilecto/a ou adoptivo/a conterá as seguintes mencións:

- Denominación do título.
- Nome do interesado /a.
- Data do acordo plenario polo que se outorga.
- Sucinta referencia ós merecementos que motivan e xustifican a distinción.

A insignia conterá o seguinte:

- Botón de solapa co escudo oficial de Ribadeo.

CAPITULO III. DAS MEDALLAS DO MUNICIPIO.

Artigo 10. Descrición das medallas.

A medalla de Ribadeo en ouro, prata ou bronce se outorgará ás persoas físicas ou xurídicas, privadas ou públicas, nacionais ou estranxeiras que sexan merecedoras delas por terse distinguido polas súas accións, servicios ou difusión da localidade. As medallas poderán ser concedidas tamén a título póstumo dentro do ano seguinte ó falecemento do distinguido/a. Xunto coa medalla entregárase un diploma acreditativo da mesma.

Artigo 11. A medalla de ouro terá forma de ovalo alargado en sentido perpendicular e ostentará no centro do anverso en releve e con incrustacións de esmalte fino o escudo heráldico do Concello, orlado coa seguinte inscrición:

“O Concello de Ribadeo”.

No reverso levará gravados o nome e apelidos do interesado e data de concesión, sendo de ouro macizo.

Non poderán exceder de cinco o número de medallas de ouro concedidas polo Concello para o seu disfrute simultáneo e unicamente cando algún posuidor faleza será posible cubri-la vacante.

Artigo 12

A medalla de prata será deste metal e no restante análoga á de ouro.

Coa mesma poderá honrarse, á vez ata a dez persoas.

Artigo 13.

A medalla de bronce a parte da diferenza de ser acuñada neste metal estará en similitude coas de ouro e prata pero sen limitación de número.

Artigo 14. O custo de cada medalla sexa calquera a súa categoría sera aboado polo Concello.

Artigo 15.

As persoas condecoradas poderán ostenta-lo distintivo en calquera acto público.

Os fillos/as adoptivos/as ou predilectos/as, os Alcaldes ou Alcaldesas honorarios ou Concelleiros /as honorarios/as e os investidos con medalla gozarán de representación persoal por dereito propio e en lugar inmediato á Corporación nos actos oficiais e nas solemnidades que o Concello celebre.

CAPITULO IV. GARABATA DE HONRA.-

Artigo 16. A garabata de honra do Concello de Ribadeo servirá para distinguir á Entidades ou Institucións que cheguen a merece-la mesma, para ser incorporada ás súas bandeiras ou estandartes.

CAPITULO V. DO CRONISTA OFICIAL DE RIBADEO

Artigo 17.

O título de Cronista Oficial de Ribadeo poderá ser outorgado a aquelas persoas físicas que se distinguiran pola súa actividade en calquera tipo de estudos, investigacións, publicacións, ou traballos relacionados con Ribadeo e manteñan un vencello continuado coa vida local.

O título de Cronista Oficial de Ribadeo é puramente honorífico e non leva aparelado o dereito a percibir retribución económica algunha, sen prexuízo da compensación de gastos que poidan producirse como consecuencia do encargo conferido polo Concello de realizar algún estudo ou investigación de carácter excepcional pola súa complexidade , características ou pola inversión de traballo que requira ou que esixa a realización de viaxes ou adquisición de medios materiais específicos.

O nomeamento nembargantes non leva ningunha remuneración e en ningún momento o Cronista poderá ostentar, por esta condición, a de funcionario/a.

Os que ostenten o título de Cronista Oficial de Ribadeo comprométense ante o Concello a emitir a súa opinión e evacuar consultas sobre aqueles temas que o Concello, a través da Alcaldía estime oportuno someter á súa consideración, e particularmente na promoción municipal de publicacións históricas sobre o Concello ou a súa comarca.

Artigo 18. Duración do título

O título de Cronista Oficial de Ribadeo terá carácter vitalicio. Nembargantes o seu titular poderá cesar por decisión propia.

O número de Cronistas oficiais de Ribadeo non será superior a dous á vez, e a Corporación non poderá outorgar máis dun título ó ano nin máis dos dous durante o período do seu mandato.

Artigo 19. Entrega do título.

Unha vez acordada a concesión do título sinalarase a data de entrega do mesmo, que consistirá nun diploma e insignia de similares características que as dos títulos de Fillo/a predilecto/a ou adoptivo/a , no transcurso dunha sesión plenaria extraordinaria convocada ó efecto na que se posibilitará a intervención do novo Cronista Oficial de Ribadeo.

CAPITULO VI. PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS.

Artigo 20. Iniciación do expediente.

Para que poida concederse calquera das honras e distincións é indispensable a tramitación do oportuno expediente que permita xustifica-las razóns do outorgamento.

Iniciarase o procedemento por Resolución da Alcaldía, ben por propia iniciativa ou a requirimento de calquera Grupo político da Corporación Municipal ou respondendo a petición

razoada de Entidades, Centro de carácter oficial, Institutos, Asociacións de recoñecido prestixio e solvencia, Asociacións Culturais, Deportivas, ou de carácter análogo, con sede no Concello ou por Asociacións de veciños. Na mesma resolución propórase á persoa á que se desexa distinguir, así como a distinción a outorgar. No

mesmo nomearase o Instructor do procedemento que será un Concelleiro/a que se ocupará da tramitación do expediente.

Artigo 21. Instrucción.

O Instructor realizará tódalas actuacións que sexan precisas para a acreditación dos méritos que concorran na persoa ou persoas propostas, podendo para elo solicitar os informes e testemuñas que sexan necesarios para confirma-lo merecemento e que quedarán incorporados ó expediente.

Unha vez concluído o trámite anterior remitirá informe razoado que poderá ser favorable ou desfavorable e proposta de Resolución á Alcaldía que procederá a valora-la mesma.

Por parte da Alcaldía poderase optar entre solicitar máis dilixencias ou proceder á remisión da Proposta ó Pleno do Concello para a adopción do acordo correspondente, previo dictame da Comisión Informativa que proceda.

Artigo 22. Resolución do expediente.

O Pleno do Concello reunido en sesión extraordinaria con carácter discrecional e de conformidade co artigo 50 e 24 do Regulamento de O. F. e R. Xurídico das E. Locais resolverá sobre a procedencia ou non da concesión dos títulos e honras descritos anteriormente atendendo ós méritos, cualidades e circunstancias singulares dos galardoados, acordo que deberá ser adoptado co voto favorable da maioría absoluta legal dos membros da Corporación.

A entrega ó galardoado da distinción se levará a cabo en acto público solemne, en pleno extraordinario convocado ó efecto e nos termos en que se sinale no acordo procurándose outorgar publicade dabondo ó mesmo.

Artigo 23. Lugar de honra-

Os que ostenten unha distinción das sinaladas neste Regulamento terán un lugar de honra nos actos públicos ós que sexan invitados.

CAPITULO VII. DO LIBRO REXISTRO DE DISTINCIÓNS.

Artigo 24.

Os títulos outorgados inscribíranse no Libro Rexistro de distincións, inscribíndose por orde cronolóxica de outorgamento do nome do galardoado e do título concedido.

O libro rexistro de distincións estará a cargo do titular da Secretaría do Concello.

CAPITULO VIII. OUTRAS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS

Artigo 25. Outras distincións honoríficas.

O Pleno do Concello poderá designar unha vía pública, complexo urbano ou instalación municipal co nome dunha persoa vencellada a Ribadeo ou digna de merecemento respecto a Vila, recoñecendo con elo especiais merecementos ou servizos extraordinarios.

Disposición transitoria.-

As honras e distincións concedidas polo Concello con anterioridade á vixencia deste Regulamento non serán contabilizadas ós efectos das limitacións numéricas previstas no mesmo e manterán a súa validez.

Disposición derogatoria.

A entrada en vigor deste Regulamento derroga o Regulamento de Honras e distincións aprobado o 29 de xaneiro de 1958 e modificado por acordo de 27 de xaneiro de 1983.

Disposición final única.

O Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e de conformidade nembargantes co sinalado no artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O presente Regulamento, conforme ó disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcurrido o prazo de quince días a que fai referencia o artigo 65. 2 da mesma Lei.

Ribadeo, 12 de xullo de 2005.
O ALCALDE,

Asd.BALBINO E. PÉREZ VACAS.